

A nosa aventura comezaba alá por setembro de 2019. Por suposto, non sabiamos que este curso ía rematar deste xeito, pero así é a vida: nunca sabes que vai pasar mañá.

Cando escollemos o tema da nosa ópera, en novembro, tampouco nos imaxinamos que ilustraría tan ben o que sucedería só uns meses despois. Ese tema era a **superación de obstáculos**.

Sen dúbida, cada un e cada unha de nós tivo un obstáculo común este ano, que nos afectou a tódolos niveis, pero que non impediu que seguíramos remando (coma dicimos sempre en LÓVA), pois remar xuntos na mesma dirección é precisamente o que nos axuda a superar eses obstáculos. E así o fixemos.

Que non podíamos ir ao cole? Que non podíamos estreala no Auditorio? Non pasa nada: sempre pode haber un plan B.

Este vídeo é ese plan B. É o resultado do noso traballo, dende o comezo en setembro ata onte mesmo, con cada gran de area aportado. Tivemos que improvisar moito sobre a marcha: problemas de conexión, falta de comunicación, cambio de papeis e profesións, un libreto que só tiña un acto... pero temos un produto final e todos e todas formades parte de 48 Stars, Compañía de Ópera.

Agardamos que o gocedes tanto coma nós.